

Recadación de tributos
COMUNICADO

CRECEMENTO DA RECADACIÓN TRIBUTARIA EN GALICIA
DURANTE O ANO 2003

Os ingresos tributarios da Comunidade Autónoma galega ascenderon a 2.784,75 millóns de euros

Durante o ano 2003 os ingresos realizados pola comunidade galega por tributos ascenderon a unha contía de 2.784,75 millóns de euros, valor que supón un incremento do 9,1% respecto ó ano 2002.

O 73,6% desta contía, 2.049,40 millóns de euros, corresponde a ingresos por impostos cedidos e xestionados polo Estado, cifra un 6,4% superior ó ingresado un ano antes. Dentro deste impostos, o ingresado polo 35% do IVE representa o 43,7% (895,7 millóns de euros) crecendo un 5,8% respecto ó ano 2002 e os ingresos pola tarifa autonómica do IRPF (675,6 millóns de euros) o 33,0%, cun crecemento do 7,0%.

Por outro lado, os ingresos obtidos por tributos cedidos e xestionados no ano 2003 pola comunidade ascenderon a 680,58 millóns de euros, o 24,4% do total ingresado. Este valor, supón un crecemento do 18,6% respecto ó ano 2002. Dentro destes tributos, destacar o imposto sobre transmisións patrimoniais, que representando o 26,7% creceu un 11,6%, e o imposto sobre actos xurídicos documentados que supón o 24,7%, sendo ademais o que máis crece dentro deste epígrafe, un 45,3%.

O restante 2,0% (54,77 millóns de euros) corresponde ós ingresos por tributos propios da comunidade, que creceron tan so un 0,8% no ano 2003. Taxa que está motivada pola caída dos dous tributos máis recadatorios deste epígrafe, as taxas, que supoñendo o 44,7% decacaeron un -1,8%, e o imposto sobre contaminación atmosférica que caeu un -0,9% e representa o 28,2%.

INGRESOS TRIBUTARIOS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA. CRITERIO DE CAIXA. 2003

	Dato (Miles de euros)	%	Variación 2003/2002 (%)
Tributos propios e recargas sobre tributos estatais	54,77	2,0	0,85
Tributos cedidos e xestionados pola comunidade autónoma de Galicia	680,58	24,4	18,65
Tributos cedidos e xestionados polo Estado	2.049,40	73,59	6,44
Total	2.784,75	100,0	9,06

Fonte: Intervención Xeral da Comunidade Autónoma. Estados de execución dos orzamentos de ingresos

Crece un 4,8% a recadación tributaria do Estado en Galicia

Segundo os datos provisionais, a recadación efectuada polo Estado en Galicia a través das súas delegacións territoriais ascendeu durante o ano 2003 a 4.406,31 millóns de euros, un 4,8% máis que no ano 2002 e o 3,5% do total recadado no conxunto de comunidades. Os impostos directos aportaron o 60,7% da recadación efectuada en Galicia e a súa taxa de variación foi do -1,0%. Os impostos indirectos representaron o 39,3% e creceron o 15,1%.

O decrecemento dos impostos directos débese á caída na recadación do IRPF (-4,1%) e do imposto sobre a renda dos non residentes (-26,8%) como consecuencia dos cambios normativos e de xestión tributaria habidos nese ano.

No grupo de impostos indirectos, a maior figura impositiva, o IVE, creceu un 16,2.

RECADACIÓN TRIBUTARIA DO ESTADO EN GALICIA. CRITERIO DE CAIXA. 2003

	Dato (Miles de euros)	%	Variación 2003/2002 (%)
Capítulo I: Impostos directos			
Imposto sobre a renda das persoas físicas	1.787,52	40,6	-4,08
Imposto sobre sociedades	867,85	19,7	6,78
Imposto sobre a renda dos non residentes	17,47	0,4	-26,85
Capítulo II: Impostos indirectos			
Imposto sobre o valor engadido	1.589,02	36,1	16,15
Impostos especiais	64,83	1,5	-2,62
Imposto sobre primas de seguros	0,85	0,0	22,61
Tráfico exterior	77,70	1,8	11,40
Cotización e exacción de azucre e isoglicosa	0,00	0,0	-
Capítulo III: Taxas e outros ingresos			
Taxas	1,08	0,02	986,87
Total	4.406,31	100,0	4,78

Fonte: Intervención Xeral da Comunidade Autónoma. Estados de execución dos orzamentos de ingresos
NOTA:
- : non procede

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
Complexo administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Teléfono de información: 981.54.15.89 (das 9:00 ás 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Comunicados en : <http://www.ige.xunta.es>
e-mail: ige@xunta.es